

PAULA CONS

En febreiro dirixiu para Audible (Amazon) unha **ficción sonora** baseada no Premio Planeta de Dolores Redondo “Todo esto te daré”.

A súa opera prima, *A illa das Mentiras*, protagonizada por Dario Grandinetti, Aitor Luna e Nerea Barros tivo a **“world premiere” no Festival clase A Shanghai International Film Festival, o Festival máis importante de Asia** y posteriormente foi seleccionada no Festival Internacional de **San Sebastián** na sección “Made in Spain” onde a nominaron ao premio Dunia Ayaso pola representación da muller, e seleccionada na Sección Oficial do OUFF onde gañou o premio á mellor película galega. Na súa estrea durante a pandemia foi o segundo contido máis visto en Arxentina na plataforma oficial CINE AR TV e en **Filmin foi o contido máis visto**. Posteriormente estrenouse en salas de cine de toda Galicia onde permaneceu máis de 9 semanas. Ganou o Blogos de oro á mellor película, **5 Mestre Mateo entre eles o de Mellor Dirección**, premio a **Mellor Película no Celtic Media Festival, no London Spanish Film Festival e no Pápa Historical Film Festival en Hungría**. Ademais participou en Festivais de todo o mundo e foi estreada en **cines en Grecia, Rusia e Portugal**.

Dirixiu a serie documental de NETFLIX *¿Dónde está Marta?* que acadou o **número 1 en España durante semanas e o número 6 a nivel mundial** en series de fala non inglesa.

Acaba de ser seleccionada no **LABORATORIO INCUBA** co seu preoxecto de filme, VILLAMISERIA, xunto con Victoria Teijeiro. Tamén está desenvolvendo outra longa de ficción.

Directora tamén do documental histórico e de investigación “A Batalla descoñecida” do que é tamén guionista e Produtora Executiva, **seleccionado a competición na SEMINCI na sección DocsEspaña**.

Foi tamén **Produtora Executiva** e unha das guionistas da **película “Lobos Sucios”**, estreada internacionalmente no Festival estadounidense de Mill Valley e en case 50 salas de toda España.

O seu proxecto de serie de ficción “Ouro Negro” foi **seleccionado en Iberseries Pitch (entre máis de 180 proxectos de toda Latinoamérica) no Content London C21, no top30 Best Drama Series Pitch**. Seleccionada entre máis de 90 proxectos de toda España para participar en el **V Laboratorio de Creación de Series de Tv da SGAE con Javier Olivares**.

Dirixiu o **“truecrime” “O CASO DIANA QUER. 500 DÍAS”**, **nominado a mellor documental de investigación no Celtic Media Festival**, que **combina ficción e documental**.

O ano pasado **recibiu o premio MULLERES NO FOCO** pola súa traxectoria e tamén polo seu compromiso co feminismo.

Impartiu cursos de interpretación en AISGE, e na Escola andaluza de interpretación 32 historias, ademáis de diversas conferencias sobre o tema. É titora de guion de diversos laboratorios ao longo do país.